



**BORRADOR ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)
CELEBRADA O DÍA 14 DE NOVEMBRO 2017**

SESIÓN Nº 11/2017

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Carlos Vázquez Padín.

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Antonio Castro Negro

Estrella Carmen Muradas Maceira

José Rodríguez Romero

Yovana Velázquez Torres

GRUPO MUNICIPAL DO

PSdG-PSOE

Enrique Cabaleiro González.

María Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

GRUPO MUNICIPAL C21

Eduardo Freiría Martínez

GRUPO MUNICIPAL

CIUDADANOS TUDENSES

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

GRUPO MUNICIPAL BNG

María Carmen Núñez Méndez.

José Martínez Tato

GRUPO MUNICIPAL

ALTERNATIVA TUDENSE

Miguel Angel Capón Rey

María José González Pérez

GRUPO MIXTO

Laureano Alonso Álvarez

María Jesús da Silva Fernández.

Na Casa do Concello, ás doce horas do día catorce de novembro de dous mil dezasete, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a Secretaria do concello Pilar Fernández Alonso. O obxecto da reunión é realizar a sesión extraordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

SECRETARIA:

Pilar Fernández Alonso.

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

AUSENCIAS NON

XUSTIFICADAS:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA Nº 9/2017 DE MOCIÓN DE CENSURA DE 17 DE OUTUBRO 2017.

Intervén o Sr. Capón Rey que alude a unha cuestión de orde e pregunta cal é a razón de convocar o pleno ás doce horas.

O Sr. Alcalde comenta que só os plenos extraordinarios serán pola mañá, que se inspirou no Alcalde de Salceda, que hai que ter en conta que non hai rogos e preguntas e que tamén se pretende protexer o funcionamento administrativo do concello e a eficiencia organizativa e non compensar descansos, engadindo que a radio ten maior audiencia pola mañá e non pola noite (é o que se chama prime time, horario de máxima audiencia televisiva). Continúa sinalando que manterán pola tarde as sesións ordinarias para facilitar a participación dos cidadáns.

O Sr. Capón pídelle que se exprese en castelán.

O Sr. Alcalde chama á orde ao Sr. Capón, indicándolle que é a primeira chamada á orde.

Intervén o concelleiro Laureano Alonso Álvarez que comenta que o alcalde di que os plenos se poden escoitar pola radio, e que non é certo, só se poden escoitar en directo.

O Alcalde indica que tentarán solventalo.

O alcalde, en aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, pregunta aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar á acta correspondente á sesión ordinaria nº 9/2017, de Moción de Censura de 17 de outubro.

Ao non haber observacións o alcalde somete a votación o citado borrador, que se **aproba por unanimidade dos concelleiros membros (17 votos a favor)**.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS. -

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.

Tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 46.2 a) que “ O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de mais de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais; cada dous meses nos Concellos de municipios con poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes...(.).

Considerando que o artigo 78.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece de forma literal: “son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que deberá convocar o



Alcalde ou Presidente dentro dos 30 días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite a que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

- Manter a periodicidade mensual da celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo os últimos xoves de todos os meses ás 20:00 horas, agás os meses de agosto en que se suspenden as sesións ordinarias.

- En caso de que a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno coincida nun día festivo, a sesión se trasladará, co mesmo carácter ordinario, ao primeiro día hábil seguinte.

- Facultar ao Alcalde para que, en casos excepcionais e oída a Xunta de Portavoces, poida pospor ao día hábil inmediato posterior a celebración das sesións ordinarias do pleno, con motivo de visitas oficiais, festas patronais ou outros similares."

Intervén o alcalde dicindo que vaise manter a periodicidade mensual, que se celebrarán pola tarde para facilitar a intervención do público, e que neste senso a política é continuista.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Laureano Alonso Álvarez, dicindo que é certo que é unha política continuista, que pensa que por transparencia necesítase un pleno ao mes, e que o argumento empregado polo alcalde (de que era un custe para os contribuíntes) pode ir en contra da transparencia. Engade que pensa que non se debe falar neses termos e que é mellor que se escoite aos representantes cada trinta días e non cada sesenta, e que non conduce a nada aforrar diñeiro en contra do interese público.

A continuación o voceiro de Alternativa Tudense, Miguel Angel Capón Rey, comenta que non realizará intervención.

De seguido intervén a voceira do BNG, Carmen Núñez Méndez, dicindo que a periodicidade mensual foi posta en marcha polo anterior equipo de goberno (do que formaban parte), e que lles parece axeitada como mecanismo de control e participación cidadá. Anuncia que votarán a favor.

Toma a palabra o voceiro do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González, que da os bos días aos presentes e comenta que na periodicidade dos plenos non sabe en qué alcalde se inspirará, no de Salceda non, que o mantén bimensual. Denuncia públicamente que se convoca este pleno extraordinario ás doce horas para sustraer a posibilidade de que os veciños e veciñas poidan asistir a un pleno importante da suposta composición dun goberno, engadindo que é unha falta de respecto aos corporativos que teñen que deixar as súas obrigas laborais. Continúa sinalando que vostede, que é un aférrimo defensor da produtividade, obriga aos concelleiros a faltar aos seus postos de traballo, e que o goberno anterior nunca puxo un pleno extraordinario pola mañá e estaba en minoría. Invita ao Alcalde a rectificar en futuras convocatorias esta decisión para facilitar que os veciños poidan intervir.

O Alcalde pregunta se algún grupo solicita un segundo turno, indicando que ao non solicitarse segundo turno pecha él como ponente. Comenta que ninguén o felicita por manter a periodicidade mensual e que só fan crítica destrutiva, non construtiva. Continúa dicindo que é difícil encher de contido un pleno mensual, que por exemplo o contido do pleno de abril non xustifica un gasto para os contribuíntes de 1.000 euros, ou o pleno de xuño (coa toma de razón de dimisións e a aprobación dunha ordenanza). Reitera que é difícil encher un pleno mensual de contido e sinala que probablemente a eles lles pase o mesmo, pero alude á diferenza de actitude e á intención da oposición de desestabilizar.

O Sr. Laureano Alonso Álvarez pregunta ao alcalde cal era a súa actitude na oposición. O Sr. Alcalde da a primeira advertencia ao Sr. Alonso Álvarez e indícalle que non o interrompa.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que entenden que nun concello como Tui non debería haber máis de doce plenos anuais, que de aí cara riba sería un exemplo claro de ineficiencia e malgasto. Engade que eles na oposición ata os cen días non fixeron ningunha crítica do seu goberno, que comparen coa súa actitude que o vinte sete de outubro (10 días despóis da investidura) xa viñeron con actitude destrutiva, e lles adianto que o do pleno mensual é condicional a que non se convoquen plenos extraordinarios como método para tentar destruír este goberno e impedir o seu traballo.

A concelleira Yolanda Rodríguez Rodríguez intervén indicando que se lle vai a pinza. O alcalde chama á orde á Sra. Rodríguez Rodríguez sinalando que é a primeira advertencia e que xa no anterior Pleno debeu ser expulsada por insultar de xeito reiterado.

A Sra. Rodríguez Rodríguez fai un comentario e o Sr. Alcalde da unha segunda advertencia á mesma con advertencia de que, dacordo co ROF, á terceira chamada procederá á expulsión.

Toma a palabra o Sr. Cabaleiro González e pídelle ao Sr. Alcalde unha réplica, unha segunda quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde indícalle que o ponente peche a intervención, e pregunta si quere un turno por alusións.

O Sr. Cabaleiro González comenta que é grave que supedite a periodicidade das sesións plenarias a un chantaxe democrático de que non se soliciten plenos extraordinarios. Continúa a intervención o Sr. Cabaleiro González manifestando que a Moción de Censura foi lexítima, pero que interromperon a labor dun goberno que estaba traballando e que non poden pedir agora cen días para xulgar. Remata indicando que é un disparate que supedite a periodicidade das sesións plenarias a un chantaxe de que non se soliciten plenos extraordinarios e que é impropio dunha persoa que ten neste momento ostenta a máis alta representación institucional do concello.

O Sr. Alcalde comenta que cando hai unha investidura (xa por moción xa por eleccións), a acción fiscalizadora da oposición non pode comezar o día dous ou dez, que iso amosa a súa falta de talante democrático.

Intervén o Sr. Capón Rey preguntando se cando fala da oposición refírese a tódolos grupos ou a un, porque se se refire a todos él tamén se sente aludido, e pide a palabra por alusións. O Alcalde sinala que non lle consinte ese tono, e que o turno por alusións ten que ser breve. O Sr. Capón Rey comenta que o Alcalde fala de insultos e de retirar a palabra, cando o Alcalde fai un més acusou ao goberno de filibusterismo e caciquismo, é dicir, insultou, e él mesmo lle dixera que se fora outro alcalde xa lle habería feito as tres advertencias e o tería expulsado. Engade o Sr. Capón Rey que falou de todo menos do punto, e dille ao alcalde que él non é máis demócrata que ninguén e máis ben está tomando todos os visos dun ditador.

O Sr. Alcalde indica que esa palabra é moi grossa e non a consinte, e lle pide ao Sr. Capón que a retire. O Sr. Capón Rey manifesta que non a consentirá pero él lla dí, e engade que hai momentos en que o Alcalde está mentindo. O Alcalde chama á orde ao Sr. Capón Rey e indícalle que é segunda advertencia. O Sr. Capón Rey comenta pois faga a terceira tamén, e alude a que non se vai ir, porque o día que o teña que votar de alí o fará coa forza pública, porque é tremendamente educado e respetuoso, pero di o que ten que dicir e vostede insultou aquí. O Alcalde indica que iso é falso. O Sr. Capón Rey lle pregunta se non acusou de filibusterismo. O Sr. Alcalde matiza que filibusterno, segundo a RAE, é obstrución parlamentaria, e que agora segue a facer filibusterismo.

Toma a palabra a voceira do BNG, Carmen Núñez Méndez, dicindo que respecto da falta de contido nos plenos mensuais non o comparten, e que sobre a crítica destrutiva pensa que non a houbo.

O Sr. Alcalde responde á concelleira que o BNG é unha excepción nese sentido.



A concelleira Carmen Núñez Méndez manifesta que teñen un ano e medio para facelo mellor, e que hai que facer crítica construtiva dende o principio.

Ao non producirse máis intervencións o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **catorce (14) votos a favor** (4 do PP, 3 PSdG-PSOE, 2 do BNG, 2 de C21, 2 Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), **zero (0) votos en contra e tres (3) abstencións** (2 de AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

- Manter a periodicidade mensual da celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo os últimos xoves de todos os meses ás 20:00 horas, agás os meses de agosto en que se suspenden as sesións ordinarias.
- En caso de que a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno coincida nun día festivo, a sesión se trasladará, co mesmo carácter ordinario, ao primeiro día hábil seguinte.
- Facultar ao Alcalde para que, en casos excepcionais e oída a Xunta de Portavoces, poida pospor ao día hábil inmediato posterior a celebración das sesións ordinarias do pleno, con motivo de visitas oficiais, festas patronais ou outros similares.

O concelleiro Laureano Alonso Álvarez manifesta que do GMixto non.

A continuación a concelleira María Jesús da Silva Fernández pide a palabra por alusións, e manifesta que do Grupo Mixto si, porque o procedemento de expulsión nin é legal nin hai unha resolución ou pronunciamento expreso que diga que ela está expulsada.

O Sr. Alonso Álvarez pide contestar.

Intervén o Sr. Alcalde, que comenta que o aludido responde e non hai debate, e que non se poden interromper as votacións.

A continuación o Sr. Alonso Álvarez pide aclaración de voto e comenta que como representante do Grupo Mixto abstívose porque formaba parte do anterior goberno. Engade que él non ten especial interese en que a concelleira forme parte do Grupo Mixto ou non, que foi APTUI quen decidiu expulsar, e que iso ten unhas consecuencias, que se ten que pasar a non adscritos. Indica que a Son de Tui lle é indiferente, que ten oído que ten interese, e pregunta interese en qué. Remata sinalando que se queren enredar máchase o goberno democrático porque hai unha concelleira tránsfuga.

Intervén o Sr. Capón Rey pedindo aclaración de voto, di que a abstención é porque os plenos extraordinarios queda ao arbitrio do alcalde a designación do horario, e iso non lles parece democrático. Manifesta que vostedes que non teñen cen días nin un, porque non accederon ao poder por un procedemento institucional, tomaron o poder legalmente por unha moción de censura, engadindo que leva no concello dez anos e ten a obriga de saber como están as cousas.

Intervén o Sr. Cabaleiro González, que pide que a explicación de voto se faga antes, se non vólvese a debater.

Intervén a concelleira Sra. Da Silva Fernández, que comenta que chama a atención que un concelleiro doutra formación faga unha manifestación pública de todos os problemas a nivel interno do partido APTUI, parece que sabe máis que eu. Sinala que o de que non ten interese é dubidoso, que o que sae reforzado é vostede, porque vostede é o único que vai ás comisións, e engade que vostede dilatou o

distribuírse as comisións ata o día de hoxe, que cando o chamou en tres ou catro ocasións non lle colleu, e que incluso á saída da comisión lle solicitou unha reunión para repartir as comisións. Remata a intervención indicando que por iso a día de hoxe ten un requirimento, vostede e eu.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.

De conformidade co disposto no art. 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e nos arts. 124.2 e 125 RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), corresponde ao Pleno da Corporación, a proposta do Alcalde, a determinación do número e denominación iniciais das comisións informativas permanentes, así como calquer variación das mesmas durante o mandato corporativo, procurando que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os diferentes grupos políticos representados no Pleno municipal.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía-Presidencia, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Manter como Comisións Informativas de carácter permanente as que se relacionan a continuación:*

- Comisión especial de Contas (que funcionará como Comisión informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal).*
- Comisión informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.*
- Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais.*
- Comisión informativa de Honores e Distincións.*

SEGUNDO.- *Establecer o funcionamento da Comisión especial de Contas como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal, ó abeiro do recollido no art. 127.3 do RD 2568/1986, de 23 de novembro.*

TERCEIRO.- *As Comisións Informativas permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando vaian a ser adoptados acordos declarados urxentes. Correspondéndolles así mesmo o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control que corresponden ao Pleno.*



CUARTO.- *Manter que as Comisións Informativas estén formadas por un total de NOVE membros (incluído o Alcalde), repartidos do seguinte xeito, respetando o reparto aprobado en sesión plenaria de data 25/06/2015:*

- ▣ *Dous (2) representantes do grupo político municipal do Partido Popular.*
- ▣ *Dous (2) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE.*
- ▣ *Un (1) representante do grupo político municipal Convergencia 21*
- ▣ *Un (1) representante do grupo político municipal do BNG.*
- ▣ *Un (1) representante do grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses*
- ▣ *Un (1) representante do grupo político municipal de Alternativa Tudense*
- ▣ *Un (1) representante do grupo mixto.*

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

QUINTO.- *As comisións informativas estarán presididas polo Alcalde, quen poderá delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.*

SEXTO.- *As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, de 23 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria mensual, en data establecida polo Alcalde e coa antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos que vaian a ser tratados no Pleno Corporativo.*

SÉTIMO.- *Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos municipais."*

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que o Grupo Mixto ten dereito a un representante nas comisións, e que en dous anos e medio apenas asistiu a comisións. Engade que Son de Tui era coñecedor que de APTUI ía expulsar á concelleira, entón é normal que non negocie nada. Comenta o concelleiro que eles están abertos a repartir as comisións con alguén que represente a APTUI, pero que as decisións de APTUI a Son de Tui lle son alleas, que saberá o seu partido se pode estar representado ou non por vostede.

Intervén o Sr. Cabaleiro González, que comenta que non aparece no ditame a composición dos membros das comisións e pregunta se se cursaron requirimentos aos grupos municipais ao efecto. Se sinala pola secretaria que se requeriu ao GMixto que concretase que concelleiros debían formar parte das comisións en representación do GMixto, que o resto dos grupos algúns variaron os representantes nas comisións e outros non, e que os que variaron os representantes se trouxo a dar conta a variación.

O Sr. Cabaleiro González alude a que o que procede é requirir a tódolos grupos. Engade que en relación ao Grupo Mixto e se a expulsión é procedente ou non, non é competencia deste pleno. Comenta que hai un grupo que presenta unha expulsión e que non son quen para por en dúbida ese escrito e sinala que están conculcando a legalidade. Comenta que a persoa lexitimada para reprobado é a interesada, que o que están facendo é unha vulneración da legalidade e que o van levar a outra vía. Engade que supeditan a composición dos órganos de goberno a que se aclare se forma parte ou non do Grupo Mixto, e indica que non poden, que están actuando como asesoramento xurídico e pide que se recolla na acta. Remata a intervención sinalando que para eles, presentado ese escrito, hai que tomar razón de que queda como non adscrito e ten que ser tráfuga.

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que o concelleiro Sr. Alonso Álvarez dixo que persoas de APTUI lle informan privadamente de que van presentar a expulsión da Sra. Silva, e pregunta cómo se come que teña información privilexiada dunha situación que non é pública. Engade que él non é licenciado en dereito, pero que hai unha cousa que é o Estado de Dereito e o garantismo, e que o Art. 73.3 da LRBRL recolle que “... *En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.*”

A concelleira Yolanda Rodríguez Rodríguez intervén dicindo "podrá".

O Sr. Alcalde indícalle á concelleira que non ten a palabra.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que segundo a STS 7/00 "(...) *estas cuestiones, deben ventilarse en un procedimiento donde se guarden las garantías, en orden a obtener un acuerdo conforme con el Estado Democrático de Derecho articulado en la Constitución.*" E que segundo a STS de 02/03/82 "*... o Pleno da Corporación está obrigado a calificar o examinar si se dan los requisitos-presupuestos esenciales (formalidades extrínsecas) que aparentemente legitiman la decisión interesada, pues al menos deben quedar acreditados que la decisión de expulsión o baja del partido fue adoptada por el órgano competente, a través del procedimiento establecido y mediante decisión motivada, no bastando una mera comunicación.*"

Engade o Alcalde que a LO de Partidos Políticos no art. 3 dispón que "*El régimen de infracciones y sanciones de los afiliados y el procedimiento para su imposición, que deberá instruirse de forma contradictoria y en el que deberá garantizarse el derecho del afiliado a ser informado de los hechos que dan lugar a su incoación, a ser oído con carácter previo a la imposición de sanciones y a que el eventual acuerdo sancionatorio sea motivado...*".

Continúa sinalando que é unha cuestión de seguridade xurídica e garantismo, e que eles están interesados en que se aclare a curto prazo. Remata indicando que por suposto o Pleno non é un tribunal e que se consideran que teñen que recurrir a outro tipo de institucións están no seu dereito.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que Son de Tui é un partido político como APTUI, que cando dimite o representante de APTUI, Son de Tui fala e pregunta como está a toma de posesión, e cando toma posesión a concelleira, APTUI trasmítelle que vai ser expulsada. Engade que APTUI pide que quede como non adscrito, e que el pediu copia dese escrito e non a ten. Continúa indicando que está cansado desas falsas insinuacións e supostos intereses, e que se hai un partido que expulsa a un concelleiro ten que tomar medidas e pedirlle á concelleira de APTUI que entregue a acta e entre alguén que represente a APTUI, porque non pode manter no equipo de goberno a unha tráfuga.

Intervén o Sr. Capón Rey e pregunta ao Sr. Alcalde se se pode dirixir á secretaria para facer unha pregunta xurídica sobre a quenda de explicación de voto, se é antes ou despois da votación. A secretaria indica que non recorda os termos concretos do ROF ao respecto, pero que por lóxica entende que despois.

Continúa o Sr. Capón indicando que a secretaria lle dixo que non podía dar copia do escrito porque tiña orde da Alcaldía, pero que sí pudo acceder ao escrito e o viu. Continúa sinalando que na carpeta das comisións propúñanse os membros das comisións, e que a salvo do que diga a secretaria, os demais non temos nada que dicir. Engade que él escoitou na radio ao Alcalde que había que ver os estatutos e ata se o partido era legal, e comenta que os partidos se rexistran no Ministerio do Interior, se non non houberan podido presentarse ás eleccións. Remata indicando que vostede decidiu quenes do Grupo Mixto ían a formar parte das comisións, e Honores e Distincións o deixaba para o Sr. Alonso Álvarez.

O Sr. Cabaleiro González pregunta se van vostedes a tomar a decisión.



O Alcalde pide á secretaria que responda. A Secretaria indica que se dixo pola concelleira que non tivera coñecemento da expulsión nin houbera audiencia nin un procedemento contradictorio, e se fixo ese requirimento coa motivación indicada no mesmo. Engade a secretaria que se non se recibe contestación no prazo dado traerase a cuestión ao pleno.

O Sr. Cabaleiro González comenta que maior disparate se cabe. Continúa o Sr. Cabaleiro González indicando que no goberno anterior houbo o acordo tácito de asignar as comisións a quen non estaba no goberno, e estabamos en minoría, para que compare o talante. Engade que vostede debeu cesar do goberno á concelleira Sra. Da Silva, porque a vostede lle da igual que o acompañen nove concelleiros ou non, porque non hai posibilidade doutra moción de censura. Remata indicando que verá como o que digo se constata en feitos.

A concelleira María Jesús da Silva Fernández, por alusións, pide intervir.

A concelleira María Jesús da Silva Fernández indica ao Sr. Alonso Álvarez que se tantas conversas tivo con membros de APTUI, pregunta por qué a expulsión non se levou a cabo con anterioridade a esta data e dende que tomou posesión. Engade que hai un requirimento efectuado pola secretaria e que a ela nunca se lle notificou formalmente nada. Continúa indicando que se discute se a día de hoxe ese partido existe ou non, porque o dez de xuño fíxose a executiva do Partido Popular de Tui e houbo unha integración masiva de integrantes de APTUI no PP, co que o único que existe é un comité integrado por tres persoas, das cales dúas están afiliadas ao PP. Engade a concelleira que nos propios estatutos se indica que se perde a condición de afiliado por afiliarse a outro partido.

Continúa a intervención a concelleira Sra. Da Silva Fernández indicando que ela houbera podido pasar por tráfuga, Sr. Magán, se houbese pasado por algunha cuestión que fai tempo se lle plantexou.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Alonso Álvarez quedouse con representación en tódalas comisións e por iso estivo retrasando, e que hai un requirimento pola secretaria que non contestaron, e que por iso dende a Alcaldía propúxose traer a pleno un reparto equitativo, de dúas comisións para cada membro do GMixto, e o reparto é equitativo: Facenda (que é a comisión que se convoca con máis frecuencia) e Honores para o Sr. Alonso Álvarez, e Urbanismo e Cultura para a Sra. Da Silva Fernández.

Continúa a intervención o Sr. Alcalde dicindo que non é certo que á comisión fosen tódolos compoñentes da comisión, e indica que só ía a representación do Grupo Mixto nas comisións porque non se contestaron os requirimentos da secretaria e se estaba paralizándose a representación nas comisións. Indica asemesmo que vostede non respondeu ao requirimento porque a situación era de vantaxe e se quedaba con tódalas comisións.

Continúa sinalando ao Sr. Capón Rey que menos mal que non tiña copia, porque parece que sí a ten.

O Sr. Capón Rey responde que despois fíxose con unha, non no concello.

Continúa a intervención o Sr. Alcalde indicando que él nunca dixo que o partido era ilegal, que o que dixo é que non tiña forma de consultar os estatutos de APTUI. O Sr. Alcalde chama á orde ao Sr. Capón Rey e dille que él non o interrompiu e que é a segunda advertencia. O Sr. Capón replica e o Sr. Alcalde indícalle ao Sr. Capón Rey que está expulsado do pleno.

O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Capón Rey dicíndolle que non está no uso da palabra, que o advertiu e que está expulsado, e chama á policía.

O Sr. Capón Rey di que está no uso da palabra mentres non chegue a forza pública, engade que xa se informara antes e que hoxe non había policía.

O Sr. Alcalde di que van continuar xa que o Sr. Capón non obedece e mentres non chegue a policía, e comenta que está intervindo él na súa segunda intervención. Sobre o transfuguismo di que o Pacto sinala que, a efectos deste acordo, se entende por tráfugas aos representantes locais que, traizoando aos seus compañeiros de lista ou grupo, e mantendo estes últimos a súa lealtade coa formación

política, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernando. Continúa o alcalde indicando que o primeiro requisito non se mantén cando se afiliaron masivamente ao PP, e nese intre non estaban afiliados a APTUI nin posteriormente houbo un proceso de afiliación, APTUI nunca tivo afiliados. Engade que o segundo requisito tampouco se dá, o cambio da maioría gobernante

Neste intre comparece a Policía Local e acompaña ao concelleiro expulsado, Sr. Capón Rey, fora do Salón de Plenos.

De seguido abandonan a sesión os concelleiros Enrique Cabaleiro González, José Ramón Magán Rivera, Yolanda Rodríguez Rodríguez, María José González Pérez, María Carmen Núñez Méndez, José Martínez Tato e Laureano Alonso Álvarez.

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que para ben son o goberno de Tui, e engade que expulsar do goberno á Sra. Da Silva Fernández significa quedarse sen concelleira de Urbanismo, e que dende a perspectiva xurídica, política e de xestor público en ningún caso pode prescindir da Sra. Da Silva Fernández no equipo de goberno.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **nove (9) votos a favor** (4 do PP, 2 de C21, 2 Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), que constitúen a unanimidade dos membros presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Manter como Comisións Informativas de carácter permanente as que se relacionan a continuación:

- ☐ Comisión especial de Contas (que funcionará como Comisión informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal).
- ☐ Comisión informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.
- ☐ Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais.
- ☐ Comisión informativa de Honores e Distincións.

SEGUNDO.- Establecer o funcionamento da Comisión especial de Contas como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal, ó abeiro do recollido no art. 127.3 do RD 2568/1986, de 23 de novembro.

TERCEIRO.- As Comisións Informativas permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando vaian a ser adoptados acordos declarados urxentes. Correspondéndolles así mesmo o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control que corresponden ao Pleno.

CUARTO.- Manter que as Comisións Informativas estén formadas por un total de **NOVE** membros (incluído o Alcalde), repartidos do seguinte xeito, respetando o reparto aprobado en sesión plenaria de data 25/06/2015:

- ☐ Dous (2) representantes do grupo político municipal do Partido Popular.
- ☐ Dous (2) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE.
- ☐ Un (1) representante do grupo político municipal Convergencia 21
- ☐ Un (1) representante do grupo político municipal do BNG.
- ☐ Un (1) representante do grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses
- ☐ Un (1) representante do grupo político municipal de Alternativa Tudense



Un (1) representante do grupo mixto.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

QUINTO.- As comisións informativas estarán presididas polo Alcalde, quen poderá delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

SEXTO.- As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, de 23 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria mensual, en data establecida polo Alcalde e coa antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos que vaian a ser tratados no Pleno Corporativo.

SÉTIMO.- Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos municipais.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE SUPRESIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

SUPRESIÓN DE POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma , resulta preciso proceder á modificación da plantilla de persoal , no relativo á supresión de posto de traballo de persoal eventual que desenvolvía as funcións de apoio ao alcalde nas competencias en materia de vías e obras, que fora creado por acordo adoptado en sesión plenaria de 25 de xuño 2015.

Considerando, así mesmo, que o art. 90 da LBRL dispón que (...) Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual” .

Esta Alcaldía no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o art. 22.2 i) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación da plantilla de persoal consistente na supresión do posto de traballo de persoal eventual, que fora creado por acordo adoptado en sesión plenaria de 25 de xuño 2015, coas seguintes retribucións e características:*

-Retribución bruta anual: 21.000 €.

-Características: Apoio ao alcalde nas competencias en materia de vías e obras.

SEGUNDO.- *Someter o expediente de modificación de plantilla a información pública por quince días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP, para a consulta do expediente e a presentación de reclamacións polos interesados. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo aprobado inicialmente se considerará definitivo sen necesidade dun novo acordo plenario, debendo cumprirse co establecido no art. 127 do TRRL no que respecta á remisión de copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma respectiva."*

Intervén o Sr. Alcalde comentando que trátase de suprimir o posto de libre designación e confianza que tiña o anterior alcalde, que van destinar os cartos a unha dedicación parcial do goberno, e que os montantes son equivalentes.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **unanimidade dos membros presentes (9 votos a favor: 4 do PP, 2 de C21, 2 de Ciudadanos Tudenses, 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da plantilla de persoal consistente na supresión do posto de traballo de persoal eventual, que fora creado por acordo adoptado en sesión plenaria de 25 de xuño 2015, coas seguintes retribucións e características:

-Retribución bruta anual: 21.000 €.

-Características: Apoio ao alcalde nas competencias en materia de vías e obras.

SEGUNDO.- Someter o expediente de modificación de plantilla a información pública por quince días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP, para a consulta do expediente e a presentación de reclamacións polos interesados. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo aprobado inicialmente se considerará definitivo sen necesidade dun novo acordo plenario, debendo cumprirse co establecido no art. 127 do TRRL no que respecta á remisión de copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma respectiva.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE DETERMINACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS TOTAIS E PARCIAIS, ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E DOTACIÓN PARA OS GRUPOS POLÍTICOS.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

DETERMINACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS E CONTÍA POR ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma, resulta preciso proceder ao establecemento dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e o seu réxime de retribucións, especialmente tendo en conta as delegacións efectuadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 19 de outubro 2017, así como ao establecemento das asistencias aos órganos colexiados e dotacións económicas aos grupos políticos municipais.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos cales formen parte no suposto de membros que nonteñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas, propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



PRIMEIRO: *Manter a favor dos membros da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.*

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Alcalde	45.150,00 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aospresupostos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Personal ao Servicio das Administracións Públicas. Tamén será incompatible coas asistencias que se establecen no apartado terceiro.

SEGUNDO.- *Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.*

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Concelleira delegada de Educación, Mercado, Persoal e Formación e Emprego.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
Concelleiro delegado de Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
Concelleiro delegado de Fomento (supervisión de proxectos), Seguridade e Mobilidade e Protección Civil.	32,25 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 86%)	20.859,36 €

A percepción destas retribucións será incompatible coas asistencias que se establecen no apartado terceiro.

TERCEIRO.- *Establecer a favor dos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial o seguinte réxime de asistencias ós órganos colexiados:*

-Por asistencia ás sesións do Pleno: 133,22 euros/sesión.

-Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 133,22 euros/sesión.

-Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 66,11 euros/sesión.

CUARTO.- Manter a dotación económica para os grupos políticos municipais establecida no acordo plenario de data 25/06/2015, en aplicación do art. 73.3 da LRBRL e co seguinte detaie:

-Compoñente fixo mensual: 150,25 €/ grupo

-Compoñente variable mensual: 10 €/ membro.

Ditas dotacións non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. O grupo político municipal deberá levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o presente apartado, nos termos do art. 73.3 da LRBRL, e conservar os correspondentes xustificantes.

QUINTO.- Consignar no correspondente orzamento municipal as cantidades derivadas das dedicacións exclusivas e parciais do presente acordo, asistencias a órganos colexiados e dotación económica para os grupos políticos municipais, sen que en ningún caso se podan adquirir compromisos de gastos por importe superior ós créditos autorizados.

SEXTO.- Proceder á publicación deste acordo nos termos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local."

Intervén o Sr. Alcalde e aclara que, para que os contribuíntes o entendan, os netos son de: 890,00 € netos mensuais as adicacións parciais, 1.190,00 € netos a outra adicación parcial e 2.300,00 € netos aproximadamente a do Alcalde.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que lamenta que non esté o anterior alcalde para respostarlle, e sinala que vai cobrar o mesmo que él, que parecía que se lle intentaba acusar de que só lle interesaba o soldo, e que vai cobrar o mesmo, que él cobraba un pouco máis polos trienios, un privilexio dos funcionarios. Engade que o político é o gran sacrificado a nivel económico e que hai dous concelleiros polo menos que deberían ter dedicación parcial polo número de horas que lle dedican ao concello, e non a van ter por cuestión de austeridade e vocación.

Continúa sinalando que serían de agradecer as desculpas da Presidenta da Deputación, que dixo que ía estar atenta ás dedicacións. Engade que os concelleiros da oposición non están respetando as súas decisións de organización dando un exemplo de intolerancia e de mal perder, e pregúntase se poden ter algunha esperanza de que a oposición se comporte de xeito construtivo igual que cando nós estabamos na oposición.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **unanimidade dos membros presentes (9 votos a favor : 4 do PP, 2 de C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto).**

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO: Manter a favor dos membros da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Alcalde	45.150,00 €



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

--	--

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos presupostos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas. Tamén será incompatible coas asistencias que se establecen no apartado terceiro.

SEGUNDO.- Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Concelleira delegada de Educación, Mercado, Persoal e Formación e Emprego.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
Concelleiro delegado de Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
Concelleiro delegado de Fomento (supervisión de proxectos), Seguridade e Mobilidade e Protección Civil.	32,25 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 86%)	20.859,36 €

A percepción destas retribucións será incompatible coas asistencias que se establecen no apartado terceiro.

TERCEIRO.- Establecer a favor dos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial o seguinte réxime de asistencias ós órganos colexiados:

- Por asistencia ás sesións do Pleno: 133,22 euros/sesión.
- Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 133,22 euros/sesión.
- Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 66,11 euros/sesión.

CUARTO.- Manter a dotación económica para os grupos políticos municipais establecida no acordo plenario de data 25/06/2015, en aplicación do art. 73.3 da LRBRL e co seguinte detalle:

- Compoñente fixo mensual: 150,25 € / grupo
- Compoñente variable mensual: 10 € / membro.

Ditas dotacións non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. O grupo político municipal deberá levar unha contabilidade específica da dotación a que

se refire o presente apartado, nos termos do art. 73.3 da LRBRL, e conservar os correspondentes xustificantes.

QUINTO.- Consignar no correspondente orzamento municipal as cantidades derivadas das dedicacións exclusivas e parciais do presente acordo, asistencias a órganos colexiados e dotación económica para os grupos políticos municipais, sen que en ningún caso se podan adquirir compromisos de gastos por importe superior ós créditos autorizados.

SEXTO.- Proceder á publicación deste acordo nos termos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO CONCELLO COMO REPRESENTANTES NO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma, procede o nomeamento de representantes da Corporación en diversos órganos colexiados, dacordo co establecido no artigo 38 do RD 2568/1986, de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Tendo en conta que o Concello de Tui forma parte do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro, e que o artigo 13 dos Estatutos do citado organismo dispón que o Comité Directivo é o órgano superior de goberno do Consorcio, e estará integrado por cinco membros que ocuparán a Presidencia, a Vicepresidencia e tres vocalías, en representación, catro deles dos Concellos consorciados a razón de un por Concello e un da Xunta de Galicia, e terán voz e voto nas sesións que se celebren, así como que os representantes dos Concellos consorciados serán nomeados por un período de catro (4) anos, podendo revocarse o seu nomeamento en calquera momento polo mesmo órgano que os designou.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Designar como representante da Corporación no Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro ao Alcalde da Corporación, Carlos Vázquez Padín, actuando como suplente Antonio Castro Negro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos concelleiros designados, así como ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro."

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que se trata da representación do concello no Consorcio.



A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **unanimidade dos membros presentes (9 votos a favor: 4 do PP, 2 de C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Designar como representante da Corporación no Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro ao Alcalde da Corporación, Carlos Vázquez Padín, actuando como suplente Antonio Castro Negro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos concelleiros designados, así como ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PADROADO DA FUNDACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL.- Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 8 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.

Considerando que o artigo 38 do RD 2568/1986, de novembro, prevé que o Pleno deberá proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da súa competencia.

Tendo en conta que segundo o art. 10 dos Estatutos que rexen a Fundación do Teatro Principal de Tui o Padroado de dita fundación contará con doce membros, sendo un deles un representante do concello, é polo que esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Designar como representante deste Concello no Padroado da Fundación do Teatro Principal de Tui ao concelleiro Eduardo Freiría Martínez.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao concelleiro designado, así como á Fundación do Teatro Principal."

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que se trata da representación do concello no Padroado da Fundación do Teatro Principal, e que se trata dun trámite burocrático que hai que cumprimentar.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por **unanimidade dos corporativos presentes (9 votos a favor: 4 do PP, 2 de C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Designar como representante deste Concello no Padroado da Fundación do Teatro Principal de Tui ao concelleiro Eduardo Freiría Martínez.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao concelleiro designado, así como á Fundación do Teatro Principal.

B).- ACTIVIDADE DE CONTROL:

8°.- POSTA EN COÑECEMENTO DE ESCRITOS RELATIVOS A COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE (RE nº 9767 de 19/10/2017) E PARTIDO POPULAR (RE nº 10269 DE 07/11/2017).-

1.- Escrito RE nº 9767 de 19/10/2017:

"D. ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ, voceiro do grupo político PSdG-PSOE de Tui,

EXPOÑO:

Que comunicamos a modificación dos membros de este Grupo nas Comisións Informativas aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de 25/06/2015, e presentado en escrito con RXE/6647/2015, indicándose a continuación os representantes a partires da fecha de presentación de este escrito:

Comisión Especial de Contas (que funciona como Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal)

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.

Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.

Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais:

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González."

2.- Escrito RE nº 10269 DE 07/11/2017:

"D. Antonio Castro Negro, voceiro do Partido Popular de Tui.

EXPOÑO:

Designación dos membros das comisións informativas correspondentes; os que se indican a continuación:

Comisión especial de Contas, Facenda e Patrimonio:



Titulares:

Yovana Velázquez Torres Suplente ... Antonio Castro Negro.
Estrella del Carmen Muradas Maceira . Suplente ... José Rguez. Romero.

Comisión informativa de Ensino, Servicios, Cultura, Turismo y Deportes:

Titulares:

Estrella del Carmen Muradas Maceira . Suplente ... José Rguez. Romero.
Yovana Velázquez Torres Suplente ... Antonio Castro Negro.

Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servicios municipais:

Titulares:

Yovana Velázquez Torres Suplente ... Antonio Castro Negro.
Estrella del Carmen Muradas Maceira Suplente ... José Rguez. Romero.

Comisión especial de Distincións e Honores

Titulares:

Antonio Castro Negro Suplente ... Yovana Velazquez Torres.
José Rguez. Romero Suplente ...Estrella del Carmen Muradas Maceira."

A Corporación queda enterada dos referidos escritos.

A continuación o Sr. Alcalde comenta que non hai máis asuntos e que lamenta a actitude dos grupos da oposición que entende infantil, de reventar os plenos ou irse dos plenos por ter perdido o poder. Engade que os chamaría á reflexión e a que realicen a labor de oposición, construtiva e responsable, que entende necesaria. Conclúe que o que non pode consentir é que a irresponsabilidade de aqueles que infantilmente non asumen a perda de poder impida o funcionamento do pleno.

Ó non haber máis asuntos que tratar, o Alcalde-Presidente da por rematada a sesión ás trece horas e corenta minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente á marxe.